



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Ordenanza municipal de limpeza e xestión de residuos sólidos urbanos

Aprobado inicialmente por el Pleno del Ayuntamiento de Baiona en sesión de 6 de octubre de 2005 la Ordenanza Municipal de Limpieza y Gestión de Residuos Sólidos Urbanos del Ayuntamiento de Baiona se expone al público por un plazo de 30 días hábiles, de conformidad con el artículo 49 de la Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, al objeto de que los interesados que lo estimen oportuno puedan presentar reclamaciones y sugerencias a la misma.

ORDENANZA MUNICIPAL DE LIMPEZA E XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS.

ARTIGO 1. OBXECTO.

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulación das seguintes actividades:

- a) A limpeza da vía pública.
- b) A xestión dos residuos urbanos, incluíndo a recollida, almacenamento, transporte, valorización e eliminación dos mesmos. Ós efectos da incardinación normativa, a regulación desta Ordenanza atende ós Principios da Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos, e da Lei 10/1997, de 22 de agosto de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia e demais disposicións aplicables.

TÍTULO II. LIMPEZA DA VIA PÚBLICA.

ARTIGO 2. OBXECTO.

Este Título ten por obxecto regula-la limpeza na vía pública, conforme á definición contida no artigo seguinte, e establece-las medidas preventivas, correctoras e/ou reparadoras orientadas a manter tallimpeza.

ARTIGO 3. CONCEPTO DE "VÍA PÚBLICA".

1. Considéranse como vía pública e, por tanto, a súa limpeza de responsabilidade municipal, os paseos, avenidas, rúas, prazas, beirarrúas, camiños, xardíns e zonas verdes, zonas terrosas, fontes, pontes e demais bens de propiedade municipal destinados directamente ó uso común xeral dos cidadáns.

2. Exceptúanse, polo seu carácter non público, as urbanizacións privadas, pasaxes, patios interiores, solares de propiedade privada, galerías comerciais e similares, correspondendo a súa limpeza ós particulares, sexa a propiedade única, compartida ou



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

en réxime de propiedade horizontal. O Concello exercerá o control da limpeza destes elementos.

ARTIGO 4. PRESTACIÓN DO SERVIZO.

A limpeza das vías públicas e a recollida dos residuos procedentes da mesma será realizada polos operarios do servizo de limpeza coa frecuencia necesaria para a adecuada prestación do servizo e a través das formas que acordo o Concello conforme á lexislación do Réxime Local.

ARTIGO 5. ESPAZOS CONCEDIDOS OU CON AUTORIZACIÓN.

Todo titular dunha autorización ou concesión para ocupar espazos de uso ou servizo público deberá mantelos, así como o seu entorno próximo, nas debidas condicións de limpeza, así como tamén calquera elemento instalado sobre aqueles.

CAPÍTULO 2. ORGANIZACIÓN DA LIMPEZA.

ARTIGO 6. RÚAS, PATIOS E ELEMENTOS DE DOMINIO PARTICULAR.

1. A limpeza de rúas, patios, espazos e elementos de dominio particular será a cargo dos seus propietarios e levarase a cabo coa periodicidade que sexa necesaria.
2. Os patios, portais e escaleiras exteriores dos inmobles, así como as marquesiñas e cubertas de cristal dos edificios, visibles dende a vía pública, deberán limparse coa frecuencia necesaria. Esta obriga recaerá sobre quen habite as fincas e, subsidiariamente, sobre os propietarios das mesmas, os cales coidarán de manter en estado de aseo os patios, xardíns e entradas visibles dende a vía pública.
3. Os residuos procedentes das operacións de limpeza que se indican neste artigo depositaranse nos oportunos colectores ata que sexan recollidos polo servizo de limpeza pública ou servizos de recollida selectiva correspondentes.

ARTIGO 7. PROPIETARIOS DE SOLARES E EXTERIORES DE INMOBLES.

1. Os propietarios de solares que linden coa vía pública deberán mantelos libres de residuos e en condicións de hixiene, seguridade e ornato.
2. A obriga anterior inclúe a esixencia da desratización e desinfección dos solares.
3. É potestad e do Concello a inspección e realización subsidiaria dos traballos ós que se retiren os números 1 e 2 anteriores.

ARTIGO 8. OPERACIÓNS DE CARGA E DESCARGA.



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Os titulares de establecementos ou actividades nos que se realicen operacións de carga e descarga, deberán proceder, tantas veces fose preciso, ó lavado complementario da vía pública, para manter esta nas debidas condicións de limpeza.

ARTIGO 9. TRANSPORTE DE TERRAS, ESCOMBROS OU SIMILARES.

1. Os propietarios de vehículos que transporten terras, carbóns, formigón, escombros, materiais poeirentos, cartóns, papeis ou calquera outra materia similar que, ó derramarse, ensucie a vía pública e que, por conseguinte, poidan ocasionar danos ou molestias a terceiros, observan escrupulosamente o establecido nas normas de circulación, acondicionando a carga de forma que se evite a caída da mesma e adoptando para elo as precaucións que fosen necesarias.

2. No caso de accidente, envorco ou outras circunstancias que orixinen o desprendemento ou derrame da carga na vía pública e poida xerar riscos para a seguridade vial, os respectivos condutores, sen prexuízo do seu deber de limpar, deberán notifica-lo feito coa máxima urxencia á Policía Local.

ARTIGO 10. CIRCOS, TEATROS E ATRACCIÓNS ITINERANTES.

1. Actividades tales como circos, teatros, atraccións itinerantes e outras que, polas súas características especiais, utilicen a vía pública, están obrigados a depositar unha fianza que se determinará en cada caso concreto en función da superficie a ocupar.

CAPÍTULO 3. LIMPEZA E CONSERVACIÓN DO MOBILIARIO URBANO.

ARTIGO 11. NORMA XERAL.

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, colectores, fontes, lavadoiros, sinalizacións e elementos decorativos tales como farois, estatuas e monumentos deberán manterse no máis adecuado e estético estado de limpeza e conservación, e en particular os seguintes:

1. Bancos: non se permite o uso inadecuado dos bancos ou todo acto que prexudique ou deteriore a súa conservación e, en particular, arrincar aqueles que estean fixos, traslada los cando non estean fixados ó chan, agrupalos de forma desordenada, realizar inscricións ou pinturas.
2. Xogos infantís: A súa utilización soamente está permitida ós nenos, deben usar os xogos infantís de xeito adecuado a súa finalidade, dentro das idades comprendidas nos carteis indicadores que a tal efecto se establezan.
3. Papeleiras: Queda prohibida toda manipulación de papeleiras (movelas, incendialas, envorcalas, arrincalalas), facer inscricións ou adherir adhesivos nas



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

mesmas, así como outros actos que deterioren a súa estética ou entorpezan o seu normal uso.

4. Fontes e lavadoiros: Queda prohibido realizar calquera uso da auga ou manipulación das cañarías e elementos das fontes e lavadoiros que non sexan propias da súa utilización normal, especificamente nos lavadoiros non se poden realizar a limpeza de alimentos.
5. Sinalización, farois, estatuas, monumentos e elementos decorativos: queda prohibido trepar, subirse, bambearse ou realizar calquera acto que ensucie, prexudique, deteriore ou menoscabe o seu normal uso e funcionamento, así como colocar publicidade sobre as mesmas.
6. Colectores: Queda prohibido o seu desprazamento, así como a pega de ningún tipo de carteleira, depositar os residuos sen bolsas pechadas, envorcalos, rompelos e queimalos.

CAPÍTULO 4. LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA POR OBRAS E ACTIVIDADES DIVERSAS.

ARTIGO 12. OBRIGAS XERAIS.

1. Para previr a sucidade, as persoas que realicen obras na vía pública deberán proceder á protección desta, mediante a colocación de elementos adecuados ó redor dos derrubamentos, terras e outros materiais sobrantes de obra, de modo que se impida a diseminación e vertido destes materiais fóra da estrita zona afectada polos traballos. Quen realicen estas obras, deberán contar coa oportuna licenza ou autorización municipal, previo abono dos impostos e taxas correspondentes.

2. En especial, as superficies inmediatas ós traballos en gabias, canalizacións e conexións realizadas na vía pública deberán manterse limpas e exentas de toda clase de materiais residuais. As terras extraídas deberán protexerse, en todo caso, segundo determina o número 1 anterior.

3. Cando se trate de obras en vía pública ou confinantes deberán instalarse vallas ou elementos de protección, así como tubos e elementos para a carga e descarga de materiais e produtos de derribo, que deberán reuni-las condicións necesarias para impedir que se ensucie a vía pública e que se causen danos ás persoas ou cousas.

4. Cando se produzan arrastres na vía pública a causa da obra, a obriga de limpala corresponderá ó contratista da obra. O Concello exercerá o control e inspección do estado de limpeza dos elementos sinalados anteriormente e, se non o realizaran os afectados, imponerse a sanción correspondente conforme ó procedemento establecido. A alcaldía poderá dispor que as operacións de limpeza se executen polo concello a costa dos contratistas da obra en caso de non realizalo os afectados.

ARTIGO 13. EDIFICIOS EN CONSTRUCCIÓN.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Cando se trate de edificios en construción, a obriga de limpa-la vía pública corresponderá ó contratista da obra.

ARTIGO 14. DEPÓSITO DE MATERIAIS.

1. Queda terminantemente prohibido depositar na vía pública, non acoutado pola obra, todo tipo de materiais, incluso terras, areas, gravas e demais materiais e elementos mecánicos de contención e escavación.
2. Os colectores para obras deberán retirarse da vía pública conforme o artigo 47 desta Ordenanza, e en todo caso dentro das corenta e oito horas seguintes á terminación dos traballos.

ARTIGO 15. CARGA E DESCARGA DE MATERIAIS.

Finalizadas as operacións de carga, descarga, saída ou entrada de obras ou almacéns, etc., de calquera vehículo susceptible de producir sucidade na vía pública, procederase á limpeza da mesma e dos elementos desta que se ensuciaran, así como á retirada dos materiais vertidos por parte dos responsables das actividades ou titulares das mesmas e subsidiariamente do vehículo.

CAPÍTULO 5. LIMPEZA DA VILA COMO CONSECUENCIA DO USO COMÚN ESPECIAL E DO USO PRIVATIVO, E DAS MANIFESTACIÓNS PÚBLICAS NAS RÚAS.

ARTIGO 16. NORMAS XERAIS.

1. A sucidade da vía pública producida a consecuencia do uso común especial e do uso privativo será responsabilidade dos seus titulares.
2. Os titulares de establecementos, sexan ou non fixos, tales como bares, cafés, quioscos, postos de venda e similares, están obrigados a manter nas debidas condicións de limpeza tanto as propias instalacións como o espazo urbano sometido a súa influencia.
3. O Concello poderá esixir ós titulares expresados no número 2 anterior a colocación de elementos homologados para a contención dos residuos producidos polo consumo nos seus establecementos, correspondéndolles, asemade, o mantemento e a limpeza de ditos elementos.
4. O Concello, a proposta dos Servizos Municipais, establecerá o número e modelo de papeleiras, colectores e outros elementos similares a instalar polos titulares de actividades na vía pública.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

TÍTULO III. RESIDUOS.

CAPÍTULO I. XESTIÓN DOS RESIDUOS.

SECCIÓN 1. NORMAS XERAIS.

ARTIGO 17. OBXECTO.

1. Este Capítulo ten por obxecto a regulación da xestión dos residuos urbanos, como servizo municipal obrigatorio, segundo se recolle na Lei 10/1998.
2. Entenderase por residuo calquera substancia ou obxecto do cal o seu posuidor se desprenda ou do que teña a intención ou a obriga de desprenderse e se atopen incluídas no anexo da Lei 10/1998.
3. Cando se trate doutro tipo de residuos sólidos non admisibles polo Servizo Municipal correspondente, o titular da actividade que os produza deberá almacenalos transitoriamente, recollelos, trasladalos a lugares homologados autorizados e deposita los en condicións adecuadas que garantan as condicións medio-ambientais.
4. O Servizo Municipal informará os titulares da actividade dos lugares de ámbito municipal ou supra-municipal debidamente homologados para realizar o depósito dos depósitos os que se refire o parágrafo 3.

ARTIGO 18. APLICACIÓN.

Aplicarase esta Ordenanza ós residuos urbanos xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como a todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse ós producidos nos anteriores lugares ou actividades. Tamén terán a consideración de residuos urbanos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes e áreas recreativas, así como animais domésticos mortos, mobles e pertenzas vellos, vehículos abandonados e residuos e escombros procedentes de obras menores de demolición e construción.

ARTIGO 19. RESIDUOS ABANDONADOS.

1. Queda prohibido o abandono, vertido ou eliminación incontrolada de residuos en todo o termo municipal de Baiona e toda mestura ou dilución de residuos que dificulte a súa xestión.
2. Os servizos municipais deberán recolle-los residuos abandonados en tódolos terreos que non sexan de propiedade privada, imputando o custo dos servizos prestados ós responsables, sen prexuízo da sanción que corresponda impoñer nin da reclamación das responsabilidades civís ou penais do abandono.



EXCMO. CONCELLO

DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

ARTIGO 20. PROPIEDAD MUNICIPAL.

Os posuidores de residuos urbanos estarán obrigados a entregalos ó concello para o seu reciclado, valoración ou eliminación nas condicións que se determinan nesta Ordenanza. O Concello adquirirá a propiedade daqueles dende a entrega e os posuidores quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poidan causar tales residuos, sempre que na súa entrega se observaran as normas da presente Ordenanza e demais normativa aplicable.

ARTIGO 21. PRESTACIÓN DO SERVIZO.

O servizo de recollida, tratamento e eliminación de residuos poderá prestarse en calquera das formas previstas na lexislación de réxime local.

ARTIGO 22. RECICLAXE E RECUPERACIÓN.

O Concello favorecerá as iniciativas que teñan por obxecto a recuperación, reciclaxe, reutilización e, en xeral, a valorización dos residuos.

SECCIÓN 2. RESPONSABILIDADE

ARTIGO 23. POSUIDORES DE RESIDUOS URBANOS.

Os produtores ou posuidores de residuos urbanos que, polas súas características especiais, poden producir trastornos no transporte, recollida, valoración ou eliminación, estarán obrigados a proporcionar ó Concello unha información detallada sobre a súa orixe, cantidade e características.

ARTIGO 24. RESPONSABILIDADE.

1. Os produtores de residuos que os entreguen para a súa eliminación a un terceiro non autorizado, serán responsables solidarios con este de calquera prexuízo que puidera derivarse diso. Así mesmo, responderán solidariamente das sancións que procederá impoñer.
2. Dos danos que se produzan nos procesos de eliminación, como consecuencia de mala fe na entrega dos residuos ou de falta de información sobre as características dos produtos entregados, será responsable quen efectuara a entrega.

ARTIGO 25. RESIDUOS PERIGOSOS.

1. Cando o Concello considere que os residuos urbanos presentan características que os fagan perigosos de acordo cos informes técnicos emitidos polos organismos competentes ou que dificulten a súa recollida, transporte, valoración ou eliminación,



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

poderán obrigar ó produtos ou posuidor dos mesmos a que, previamente a súa recollida, adopten as medidas necesarias para eliminar ou reducir ditas características, ou a que os depositen na forma e lugar adecuados.

2. Nos casos regulados neste artigo, así como cando se trate de residuos urbanos distintos ós xerados nos domicilios particulares, o Concello poderá obrigar ós posuidores a xestionalos por si mesmos.

3. As actividades de xestión, recollida, transporte e almacenamento dos residuos perigosos están sometidas a réxime de autorización polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

SECCIÓN 3. TRATAMENTO DE RESIDUOS POR PARTICULARES

ARTIGO 26. LICENZA MUNICIPAL.

1. Os particulares ou entidades que queiran realizar o tratamento ou a eliminación dos seus residuos, deberán obter a correspondente licenza municipal de actividade, sen prexuízo das restantes autorizacións precisas segundo a normativa vixente.

2. Serán consideradas clandestinas as instalacións que desenvolvan actividades de tratamento ou eliminación de residuos e que non dispoñan da licenza municipal correspondente. Aquelas poden ser clausuradas inmediatamente, sen prexuízo das sancións que correspondan e da esixencia das responsabilidades que se derivaran.

ARTIGO 27. REVISIÓNS.

As instalacións dedicadas á xestión de residuos están suxeitas a revisión técnica municipal, que poderá efectuarse en calquera momento.

ARTIGO 28. PROHIBICIÓNS.

1. Prohíbese depositar residuos en terreos que non foran previamente autorizados polo Concello, así como utilizar os depósitos ou vertedoiros particulares para residuos diferentes dos autorizados.

2. Os particulares non poderán evacuar ningún tipo de residuos regulados nesta Ordenanza nos rexistros públicos da rede de sumidoiros.

SECCIÓN 4

ARTIGO 29.



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Quedan excluídos expresamente desta Ordenanza e regulados pola correspondente lexislación estatal, as emisións á atmosfera reguladas na Lei 38/1972, de 22 de decembro, de Protección do Ambiente Atmosférico. Os residuos radioactivos regulados pola Lei 25/1964, de 29 de abril, de Enerxía Nuclear, os vertidos de efluentes líquidos ás augas continentais regulados pola Lei 29/1985, de 2 de agosto, de Augas; os vertidos dende terra ó mar regulados pola Lei 22/1985, de 28 de xullo, de Costas, e os vertidos dende buques e aeronaves ó mar regulados polos tratados internacionais dos que España sexa parte.

CAPÍTULO 2. RESIDUOS DOMICILIARIOS.

SECCIÓN 1. NORMAS XERAIS

ARTIGO 30. COLECTORES.

1. O Concello de Baiona instalará na vía pública colectores normalizados, ó obxecto de que os cidadáns depositen nos mesmos os residuos domiciliarios xerados.
2. A situación dos colectores será determinada polos Servizos Técnicos Municipais, atendendo a factores tales como o nº de habitantes, establecementos de cada unha das rúas, así como unha valoración óptima e calquera outros que veñan determinados polos servizos técnicos municipais.

ARTIGO 31. OBRIGAS E PROHIBICIÓNS

1. Os usuarios están obrigados a deposita-los residuos domiciliarios, salvo os que teña recollida selectiva (vidro, papel, cartón, aceite, etc.), en bolsas de plástico. Estas bolsas, perfectamente pechadas, depositaranse nos colectores normalizados colocados ó efecto. As bolsas de plástico serán substituídas por outras de materia biodegradable cando a realidade tecnolóxica e económica o permitan.
2. O depósito dos lixos non se realizará no colector cando o mesmo se atope desbordado debendo desprazarse o usuario ó colector máis próximo. Unha vez realizada esta operación deberase pechala tapa para garanti-la salubridade e hixiene medioambiental.
3. Todo usuario que vaia depositar residuos cuxo volume sexa susceptible de ser reducido deberá proceder a dita redución antes de deposita lo no colector.
4. O usuario está obrigado a pechar hermeticamente as bolsas de lixo, de modo que non se produzan vertidos. Si, como consecuencia dunha deficiente presentación dos lixos, producíranse vertidos, o usuario causante será responsable da sucidade ocasionada.
5. As embalaxes de plástico ou substancias similares deberán depositarse suficientemente protexidos para impedir que se espalle o seu contido na vía pública.



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

6. Prohíbese o depósito de lixos que conteñan residuos líquidos ou susceptibles de licuarse.
7. Non se autoriza o depósito de lixos a granel ou en caldeiros, paquetes, caixas ou similares.
8. Prohíbese o abandono de residuos. Os usuarios están obrigados a depositalos con arranxo ós horarios establecidos e nos lugares e formas sinalados.
9. Prohíbese traslada-los colectores do lugar sinalado polo Concello.
10. Ó obxecto de evitar malos cheiros, as bolsas depositaranse nos colectores entre as 20.00 e as 05.00 horas. Este horario de recollida de lixo poderá ser variado en función das necesidades do servizo municipal e será comunicado ós cidadáns mediante o bando correspondente.

ARTIGO 32. RECOLLIDA.

1. Os veciños depositarán nos colectores normalizados da vía pública os residuos, e o persoal do vehículo colector baleirá os contidos dos recipientes nel e os devolverá baleiros ó lugar onde se encontraban.

SECCIÓN 2. COLECTORES PARA RESIDUOS.

ARTIGO 33. CONSERVACIÓN E LIMPEZA DE RECINTOS PRIVADOS.

1. Nos centros públicos ou privados, vivendas, mercados, galerías de alimentación, centros sanitarios, entre outros, a retirada de residuos correrá a cargo do servizo municipal competente, pero non o varrido e limpeza dos mesmos, salvo os que o concello teña encomendada a súa xestión. Estas últimas operacións haberán de realizarse coa frecuencia que sexa necesaria para mante-los locais nas debidas condicións de salubridade e hixiene.

ARTIGO 34. RECIPIENTES E VEHÍCULOS COLECTORES.

A colocación na vía pública dos recipientes contendo os residuos, na beirarrúa xunto ó borde da calzada ou lugar que se sinale, deberá facerse coa antelación que sinale o servizo municipal atendendo ós horarios da súa prestación. Unha vez baleirados os colectores, procederase a súa retirada ó interior do inmovible.

ARTIGO 35. VOLUMES EXTRAORDINARIOS.

Se unha entidade, pública ou privada, tivera por calquera causa que desprenderse de residuos domiciliarios en cantidades maiores ás que constitúen a produción diaria



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

normal e non de forma frecuente, non poderán presenta los conxuntamente cos residuos habituais. A entidade deberá comunicar esta circunstancia ós servizos técnicos municipais, en atención ó servizo de recollida, transporte e eliminación.

SECCIÓN 3. HORARIO DE PRESTACIÓN DOS SERVICIOS.

ARTIGO 36. PROGRAMACIÓN.

Os servizos municipais farán pública a programación prevista de días, horarios e medios para a prestación do servizo de recollida. O Concello poderá introduci-las modificacións que, por motivos de interese público, teña por convenientes, e os servizos municipais divulgarán, con suficiente antelación, os cambios no horario e a forma ou frecuencia de prestación do servizo, a excepción das disposicións ditadas pola Alcaldía en situacións de emerxencia, caso fortuíto ou forza maior.

ARTIGO 37. SITUACIÓNS DE EMERXENCIA, CASO FORTUÍTO OU FORZA MAIOR.

Naquelas situacións consideradas de emerxencia, casos fortuítos ou de forza maior, nas que non sexa posible presta-lo servizo, e previa comunicación municipal, os veciños absteranse de deposita los seus residuos.

ARTIGO 38. RESIDUOS PERIGOSOS.

Serán obrigas dos produtores de residuos perigosos:

- * Informar ó Concello sobre a natureza dos residuos producidos, cantidade e características.
- * Dar traslado asemade da empresa ou empresas que realicen a xestión do mesmo.
- * Separar e non mestura-los residuos perigosos co resto dos residuos producidos no seu caso: urbanos e asimilables a urbanos.
- * Xestiona-los residuos perigosos a través de empresas debidamente autorizadas polo órgano competente da Comunidade Autónoma. No caso de observancia de infracción comunicarse ó órgano competente en materia sancionadora. Todo elo sen prexuízo do establecido na Lei 10/1998 e da competencia en materia de residuos perigosos do órgano competente da Comunidade Autónoma.

SECCIÓN 4. VEHÍCULOS ABANDONADOS

ARTIGO 39. PROHIBICIÓNS.

Queda prohibido o abandono de vehículos fora do seu uso. Os seus propietarios son responsables da recollida e eliminación dos seus restos. Presumirase racionalmente o seu abandono nos seguintes casos:

- a) Cando transcorran mais de 2 meses dende que o vehículo fora depositado trala súa retirada da vía pública pola autoridade competente.
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente deterioro que faga imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación. Neste caso terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente.

SECCIÓN 5. TERRAS, ESCOMBROS E MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN PROCEDENTES DE OBRAS MAIORES.

ARTIGO 40. PROHIBICIÓN.

Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados destinados a residuos domiciliarios os procedentes de calquera clase de obras.

ARTIGO 41. PRODUCCIÓN, TRANSPORTE E DESCARGA.

Os produtores de terras e escombros deberán almacenar tal tipo de residuos en colectores homologados e autorizados polo Servizo Municipal competente.

Deberán proceder ó seu traslado puntual ós vertedoiros e centros de recepción autorizados polo concello.

ARTIGO 42. COLECTORES PARA OBRAS.

A efectos desta Ordenanza, enténdese por “colectores para obras” aqueles recipientes normalizados, metálicos ou doutro material resistente e incombustible, especialmente deseñados con dispositivos para a súa carga e descarga mecánica sobre vehículos especiais de transporte, destinados a depósito de materiais de toda clase ou recollida de terras ou escombros procedentes de obras.

ARTIGO 43. COLOCACIÓN DE COLECTORES.

Os colectores colocaranse, se é posible, no interior da zona va lada de obras, non precisando neste caso autorización municipal.

A colocación dos colectores na vía pública requirirá autorización municipal.

ARTIGO 44. NORMAS DE UTILIZACIÓN, OBRIGAS E RESPONSABILIDADES.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

1. O titular da licenza será responsable dos danos causados ó pavimento da vía pública e demais elementos estruturais e de ornato da cidade, e dos danos a terceiros e está obrigado a retirar en calquera momento as terras e escombros vertidos en lugares non autorizados. No caso de que se produza algún dano ou deterioro, o causante deberá comunicalo inmediatamente á Administración, dando os datos da empresa transportista, a usuaria do colector, o lugar e calquera outra circunstancia.
2. O material depositado nos colectores non poderá exceder o nivel de enchido autorizado segundo o seu tipo, a fin de asegura-lo transporte en condicións de seguridade. Tampouco se poderán colocar elementos adicionais que aumenten as dimensións ou a súa capacidade.
3. Non se poderán verter escombros ou materiais que conteñan elementos inflamables, explosivos, nocivos, incómodos, perigosos ou inseguros para os usuarios da vía pública, veciños ou para a protección e estética do ambiente onde estean situados.
4. Poderase esixir para certas situacións, que ó anoitecer e, especificamente, cando se poña en funcionamento o servizo de alumeadado público, se acendan lámpadas intermitentes durante toda a noite e horas de escasa luz natural nas esquinas do colector. A Policía Municipal inspeccionará o cumprimento desta obriga.
5. Os servizos municipais poderán proceder á retirada de terras e escombros, imputándose ós responsables os custos correspondentes ó servizo prestado, elo sen prexuízo da sanción correspondente. Serán responsables subsidiarios os empresarios e promotores de obras e traballos que orixinaran o transporte destes materiais.

ARTIGO 45. OBRAS NA VÍA PÚBLICA.

Os responsables de produtos ou residuos de construción están obrigados al retiralos dentro da xornada laboral ou a depositalos en colector autorizado, debendo mante-los residuos illados do chan e limpar diariamente a área afectada, de tal forma que non se entorpeza nin poña en perigo a circulación de vehículos e peóns.

ARTIGO 46. PROHIBICIÓNS.

No que respecta á produción e vertido de terras e escombros, prohíbese:

- a) Queda terminantemente prohibido depositar nos recipientes normalizados destinados a residuos domiciliarios ou nas súas inmediacións as terras e escombros procedentes de calquera clase de obras ou derrubamentos.
- b) O vertido en terreos públicos que non foran expresamente autorizados para tal finalidade.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- c) O vertido en terreos de propiedade particular, aínda cando se dispoña de autorización expresa do titular, si, a xuízo dos servizos municipais, o vertido prexudica elementos constitutivos da paisaxe ou implique un risco ambiental.
- d) A utilización de terras e escombros para obras de recheo, equilibrado de taludos e calquera outra que puidese levarse a cabo en terreos rústicos ou urbanos, sen permiso expreso municipal.

ARTIGO 47. NORMAS DE RETIRADA.

A empresa transportista disporá, como máximo, de corenta e oito horas para retirar os colectores cheos. A requirimento da Administración Municipal, retiraranse no máximo de seis horas.

ARTIGO 48. TEMPO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA POR COLECTORES.

O tempo máximo de ocupación dun colector na vía pública será o sinalado na correspondente licenza urbanística municipal ou autorización específica para colocación de colectores. O Concello, para algunha zona concreta, establecerá limitacións por circunstancias singulares.

ARTIGO 49. INCUMPRIMENTO.

Sen prexuízo das responsabilidades a que dera lugar, o Concello poderá revocalas autorizacións concedidas e, no seu caso, retirar os colectores con cargo ós produtores dos vertidos, de conformidade co procedemento administrativo correspondente.

CAPÍTULO 6. RECOLLIDA SELECTIVA DE RESIDUOS.

ARTIGO 50. RECOLLIDA SELECTIVA.

1. A efectos do presente capítulo, considérase selectiva a recollida por separado de materiais residuais específicos contidos exclusivamente en residuos domiciliarios, industriais e especiais.
2. Estas recollidas poderán levarse a cabo directamente polos servizos municipais ou por terceiros que previamente foran autorizados polo Concello.
3. No caso de ser establecidos programas concretos de recollida selectiva polo Concello, os cidadáns coidarán de prestar a tales programas a cooperación necesaria segundo as instrucións municipais.

ARTIGO 51. ACTUACIÓN MUNICIPAL.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

O Concello poderá levar a cabo cantas experiencias e actividades en materia de recollida selectiva teña por convenientes, introducindo ó efecto as modificacións necesarias nos servizos municipais; estes informarán ós cidadáns das condicións e modalidades da prestación deste servizo.

ARTIGO 52. COLECTORES OU INSTALACIÓNS PARA RECOLLIDA SELECTIVA.

1. Os colectores ou instalacións destinados á recollida selectiva quedan exclusivamente reservados para a prestación de tal servizo. Prohíbese depositar en ditos colectores residuos distintos ÓS expresamente indicados en cada caso.

Por razóns de seguridade, salubridade e hixiene, prohíbese collelos residuos depositados nestes colectores por persoas non autorizadas.

ARTIGO 53. ACEITE DOMÉSTICO.

1. Queda prohibido o depósito de aceites procedentes da hostalería e domiciliarios nos colectores normalizados destinados á recollida de residuos sólidos urbanos. Queda prohibido igualmente o seu vertido na rede de saneamento.

2. Cada vez que se realice a retirada de aceite por parte do xestor autorizado facilitarase ó Concello a seguinte información:

- a) N° de litros retirados.
- b) Certificado do destino tinal do residuo.

TÍTULO IV. OBRIGAS E PROHIBICIÓNS.

ARTIGO 54. RESIDUOS.

Prohíbese arroxar ou depositar residuos orgánicos ou doutra clase, cabichas, papeis, envoltorios, augas sucias e, en xeral calquera tipo de lixo ou desperdicio nas vías públicas, nos seus accesos e nos solares ou fincas, valadas ou sen valar, debendo utilizarse sempre os recipientes (colectores, papeleiros, etc.), destinados ó efecto; tamén está prohibido utiliza-la vía pública para actos notoriamente contrarios ó seu fin específico (deposicións, miccións, etc.).

Prohíbese depositar petardos, cigarros puros, cabichas de cigarros, brasas, cinzas e en xeral calquera outro tipo de materias acendidas ou inflamables nas papeleiras e demais colectores viarios.

ARTIGO 55. LAVADO E REPARACIÓN DE VEHÍCULOS E MÁQUINAS.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

1. Queda prohibido realizar calquera operación que poida ensuciar as vías públicas e, de forma especial, o lavado e limpeza de vehículos e maquinaria, así como a manipulación ou selección dos desfeitos ou residuos urbanos.

2. Prohíbese a reparación de vehículos e maquinaria na vía pública, agás en situacións de emerxencia ou avaría.

ARTIGO 56. ANIMAIS.

1. Os propietarios ou responsables de animais, están obrigados a recoller nunha bolsa pechada os excrementos que estes depositen nos espazos públicos ou privados de uso público. Os animais deberán realizar as súas deposicións xunto os sumideiros, alcorques ou lugares expresamente destinados para elo. Das infraccións serán responsables os propietarios dos animais o no seu defecto as persoas que os guien.

2. Prohíbese realizar na vía pública.

- a) abandono de animais mortos.
- b) A limpeza de animais.
- c) Queda prohibido alimentar os animais por posibles restos orgánicos de ditos alimentos.

ARTIGO 57. ACTOS PÚBLICOS.

1. Os organizadores de actos públicos na vía pública son responsables da sucidade derivada dos mesmos e están obrigados a informar ó Concello do horario e lugar do acto a celebrar.

2. O Concello poderá esixirles unha fianza polo importe previsible das operacións de limpeza que se deriven da celebración de tales actos.

ARTIGO 58. ELEMENTOS PUBLICITARIOS.

1. A licenza para uso de elementos publicitarios (elementos fixos, colocación de carteis, pancartas e adhesivos) levará implícita a obriga de limpar os espazos da vía pública que se utilizaran e de retirar, dentro do prazo autorizado, os elementos publicitarios e os seus correspondentes accesorios.

2. Non está permitido colocar elementos publicitarios nos bens declarados de interese cultural.

ARTIGO 59. PANFLETOS.

Prohíbese espallar e tirar toda clase de panfletos e materiais similares, coa excepción dos casos permitidos por Lei.



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ARTIGO 60. PINTADAS E CARTEIS.

1. Prohíbense as pintadas e a fixación de carteis publicitarios na vía pública sobre elementos estruturais, calzadas, beirarrúas, mobiliario urbano, colectores, muros e paredes. Serán excepcións a esta norma as pintadas murais de carácter artístico que se realicen coa autorización do propietario e as que sexan obxecto de autorización municipal.

2. A colocación de carteis na vía pública sen autorización dará lugar á imposición de sancións e imputación dos custos correspondentes dos traballos de limpeza ós responsables.

3. As pancartas deberán ser retiradas polos interesados tan pronto como caducara o prazo para o que foron autorizadas. De non facelo así, serán retiradas polos Servizos Municipais, imputándose ós responsables os custos correspondentes ó servizo prestándose prexuízo da imposición sanción correspondente.

ARTIGO 61. MANIPULACIÓN DE RESIDUOS.

Prohíbese a manipulación e selección dos materiais residuais depositados na vía pública á espera de ser recollidos polos servizos correspondentes, así como os rebuscados lixos domiciliarios ou de establecementos de toda índole.

ARTIGO 62. ABANDONO DE OBXECTOS E MATERIAIS.

1. Prohíbese o abandono de mobles e pertenzas particulares na vía pública.

2. Será potestad e dos Servizos Municipais a retirada de todo material ou obxecto presuntamente abandonado cando dificulte o paso, a libre circulación ou poida ser causa de alteración da limpeza ou decoro da vía pública. Entenderase que tales materiais e obxectos foran abandonados polos seus donos cando permanezan na vía pública mais de 72 horas.

3. Os materiais sinalados nos apartados 1 e 2 precedentes serán trasladados para o seu depósito ós lugares ou equipamentos previstos a tal fin pola autoridade municipal. O depósito rexérase en todo momento pola lexislación vixente e, no non previsto, polo que a Alcaldía dispoña no ámbito da súa competencia.

4. De ser coñecido o propietario e o seu enderezo se lle dará coñecemento do depósito para que proceda a retirar os obxectos ou materiais depositados, previo pago dos gastos correspondentes. Pasados dous meses dende que lle fora comunicado o depósito ou, no caso de ser descoñecido, transcorrido o mesmo prazo dende que este se realizara, sen que foron retirados, consideraranse definitivamente abandonados, podendo o Concello



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

proceder a súa eliminación ou venda, segundo o establecido na lexislación vixente aplicable.

5. O abandono e retirada de vehículos rexerese polo disposto na normativa legal correspondente e polo sinalado nesta Ordenanza.

ARTIGO 63. LIMPEZA DE QUIOSCOS E OUTRAS INSTALACIÓNS DE VENDA.

1. Os titulares ou responsables de quioscos ou outras instalacións de venda na vía pública están obrigados a manter limpo o espazo e proximidades que estas ocupen, durante o horario no que realicen a súa actividade, e a deixalo no mesmo estado, un ha vez finalizada esta. 2. A mesma obriga incumbe a donos de cafeterías, bares e establecementos análogos en canto á superficie da vía pública que se ocupe con veladores, cadeiras, así como a beirarrúa correspondente á lonxitude da súa fachada.

ARTIGO 64.

Queda prohibida a incineración da lixo a ceo aberto, en caldeiras e aparatos de calefacción et. debendo realizarse en fornos adecuados e previndo as medidas oportunas para unha eficaz depuración de fumes, polo cal será preceptiva a autorización do concello.

TÍTULO V. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 65. LNFRACTIÓNS.

En virtude do establecido no artigo 139 da LRBRL 7/1985, de 22 de abril, trala modificación producida pola Lei 57/2003 do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, procede a adopción do seguinte: Constitúen infracción administrativa os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o contido desta Ordenanza. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme ó artigo seguinte As infraccións serán sancionadas conforme se determina na presente Ordenanza, polo Alcalde, dentro dos límites que a lexislación aplicable que autoriza, e sen prexuízo das responsabilidades penais e civís a que houbera lugar no seu caso.

ARTIGO 66. INFRACCIÓNS.

1. Cualifícanse como infraccións moi graves:
 - a) A reincidencia en faltas graves.
2. Cualifícanse como infraccións graves:



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

- a) En xeral o abandono, vertido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se producira un dano ou deterioro grave para o medio ambiente ou se puxera en perigo grave a saúde das persoas.
 - b) Causar un deterioro ou menoscabo de gravidade ou relevancia suficiente que provoque a destrución total ou parcial do mobiliario urbano que impida a finalidade para a que está destinado.
3. Cualifícanse como infraccións leves:
- a) abandono, vertido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se producira un dano ou deterioro grave para o medio ambiente ou se puxera en perigo grave a saúde das persoas e non sexa cualificado como grave. Así, entre outros:
 - 1. Incumprimento do establecido no art. 28.
 - 2. O depósito de bolsas de lixo na vía pública (en relación co art. 31 desta Ordenanza).
 - 3. O non mantemento das debidas condicións de salubridade e hixiene nos recintos privados.
 - 4. A colocación na vía pública de bolsas de lixo a granel, en lugar de situalas en caldeiros colectivos.
 - 5. Utilizar colectores de residuos domiciliarios para volumes extraordinarios de residuos ou para o depósito de escombros en gran volume.
 - 6. Abandonar mobles e pertenzas inservibles.
 - 7. O depósito de escombros en colectores de residuos domiciliarios (en relación co artigo 4º desta Ordenanza).
 - 8. O incumprimento das normas de utilización reflectidas para colectores de obras.
 - 9. O incumprimento dos preceptos recollidos no artigo 46.
 - 10. Infrinxi-las normas de recollida selectiva de residuos.
 - 11. O vertido de aceite á rede de saneamento ou xunto cos residuos domiciliarios.
 - 12. Infrinxi-las normas sobre instalacións fixas para a recollida de residuos.
 - 13. Non encontrarse nas rúas, patios e elementos de dominio particular visibles dende a vía pública en estado adecuado de aseo (en relación co artigo 6 desta Ordenanza).
 - 14. Incumpri-las normas recollidas no artigo 7.
 - 15. Non deposita-los residuos xerados na actividade autorizada nos colectores (en relación co artigo 10 desta Ordenanza).
 - 16. Causar calquera tipo de deterioro ó mobiliario urbano que non sexa grave e relevante (en relación co artigo 11 desta Ordenanza).
 - 17. Non limpeza dos arrastres na vía pública (en relación co artigo 12 desta Ordenanza).
 - 18. Incumpri-las normas reguladas no artigo 16.



EXCMO. CONCELLO

DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

19. Arrojar ou depositar residuos, desperdicios e lixos nas vías públicas ou privadas, nos seus accesos e solares, ou fincas valadas ou sen valar.
20. A deposición e micción na vía pública.
21. Lavar, limpar e manipular vehículos na vía pública.
22. Non recolle-los excrementos de animais domésticos.
23. A publicidade masiva nas rúas sen licenza previa, mediante carteis, pintadas, panfletos ou outros medios que provoquen deslucimento xeral e sucidade notoria da poboación.
24. A realización de pintadas e fixación de carteis publicitarios sen autorización municipais. Os demais actos ou omisións que contraveñan o establecido nesta Ordenanza e non estean cualificados como infraccións graves ou moi graves.

ARTIGO 67. SANCIONES.

Establécense as seguintes sancións:

1. Para as infraccións leves:
 - Apercibimento.
 - Multa ata 300,51 euros.
2. Para as graves:
 - Multa dende 300,51 ata 3.005,06 euros.
 - Inhabilitación para o exercicio de calquera das actividades previstas na presente Lei por un periodo de tempo de ata un ano.
3. Para as moi graves:
 - Multa desde 3.005,07 ata 60.101,21 euros.
 - No caso das infraccións consistentes no abandono, vertido ou eliminación incontrolada de calquera tipo de residuos non perigosos sen que se producira un dano ou deterioro grave para o medio ambiente ou se puxera en perigo grave a saúde das persoas, tanto na súa modalidade leve ou grave, estarase ás sancións previstas na Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos. A contía da sanción virá determinada polas circunstancias do responsable, grado de culpa, reiteración, participación e beneficio obtido, así como grao do dano causado ó medio ambiente ou perigo en que se puxera a saúde das persoas. Sen prexuízo da sanción que se impoña, os infractores están obrigados á reposición ou restauración das cousas ó ser e estado anteriores á infracción cometida, na forma e condicións que fixe o órgano que impoña a sanción. No caso de incumprimento poderase proceder á execución subsidiaria por conta do infractor e a súa costa. Será considerado reincidente quen incorrera en infracción das mesmas materias nos doce meses anteriores.



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ARTIGO 68. RESPONSABILIDADE.

En materia de infraccións relacionadas con limpeza será responsable o causante da acción ou omisión en que consista a infracción. Cando se trate de obrigas colectivas, tales como uso, conservación, limpeza de zonas comúns, etc., a responsabilidade será atribuída á respectiva comunidade de propietarios ou habitantes do inmovible cando non estea constituído e, ó efecto, as denuncias formularanse contra a mesma ou contra a persoa que ostente a súa representación. A efectos do establecido neste Título os residuos terán sempre un titular responsable, calidade que corresponderá ó produtor, posuidor ou xestor dos mesmos. Quedarán exentos de responsabilidade os que cedan os residuos a xestores autorizados, sempre que a entrega se faga conforme ó que estableza a Comunidade Autónoma.

Do mesmo modo, os posuidores de residuos urbanos quedarán exentos de responsabilidade polos danos que poida derivarse de tales residuos, sempre que os entregara o Concello observando o disposto nesta Ordenanza. A responsabilidade será solidaria nos seguintes supostos:

- Cando o posuidor ou o xestor dos residuos os entregue a persoa física ou xurídica distintas das sinaladas na Lei 10/1998, de 21 de abril, de Residuos.
- Cando sexan varios os responsables e non sexa posible determina-lo grao de participación de cada un na realización da infracción. As responsabilidades do incumprimento das obrigas sinaladas nesta Ordenanza serán esixibles non só polos actos propios, senón tamén polos de aquelas persoas de quen se deba responder e polo proceder dos animais dos que fose propietario.

ARTIGO 69.

O procedemento para a imposición das sancións previstas neste Título será o establecido na normativa reguladora vixente do exercicio da potestad sancionadora. En todo o non previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na normativa vixente que sexa de aplicación e en especial, ó disposto na Lei 0/1998, de 21 de abril, de Residuos e Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor logo que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días o que se refiren os artigos 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.